

Francisco Xosé Fernández Naval:

“O soño de todo escritor é un lector”

*A súa última obra ven de recibir
o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño*

Naceu á beira dun río, mergullado na calor das augas quentes, e criouse entre as historias que lle contaba súa nai e as moitas películas que tivo a oportunidade de ver no cine de Manuel Xesteira, no que traballaba o seu pai. “Eu vía cine antes de saber ler e iso supoño que influíu tamén na capacidade de soñar, de inventar historias e, sobre todo, no xeito de contar”, declara. Na actualidade, Francisco Xosé Fernández Naval ocupa un lugar privilexiado entre os nomes que conforman o panorama literario galego e o seu último libro, *Bater de sombras*, vén de ser galardoado co *X Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño*. Falamos co escritor de literatura, de páxinas en branco, de ilusións e de proxectos nunha entrevista na que nos revela, tamén, cal é na súa opinión o soño de todo escritor. El teno moi claro: “un lector”, asegura.

Ourense, 15 de decembro de 2010.

Texto: Raquel Feijóo.

- Naceu á beira dun río e dunha ponte, mergullado na calor das augas quentes. Tivo isto algo que ver no seu amor pola literatura?

Non sei que tería acontecido noutro escenario, pero si creo que nacer nunha cidade con tanta literatura como Ourense influíu nesa relación de amor.

- Cando era neno a súa nai contáballes a vostede e máis á súa irmá historias que eran lembranzas da familia, do río, da aldea... Comezou, quizais nese momento, o seu gusto pola escoita e a necesidade propia de contar?

Sen dúbida. Sempre quixen formar parte desa estirpe de narradores orais da que formaba parte o meu bisavó e á que pertence a miña nai. Cando pensei na primeira novela, *O bosque das antas*, tiña claro que incluíría moitas das historias que escoitara dende neno e que sucedían nas ribeiras do río Miño, por Oira, Velle, Rivela, Cudeiro, Barra de Miño os Peares, Mende ou Melias.

- O cine deixou tamén unha fonda pegada en vostede xa que o seu pai traballou no cine de Manuel Xesteira e vostede, de neno, memorizou as emocións e as músicas de moitas películas que puido ver unha e outra vez. Como lembra agora aqueles tempos e como influíu esta realidade no escritor que é hoxe?

Manuel Xesteira era o meu tío avó e o meu pai traballou con el dende os 16 anos, ata que o tío alugou o cine á empresa Fraga, alá polos finais dos cincuenta. Logo meu pai continuou no cine ata a xubilación. Eu vía cine antes de saber ler e iso supoño que influíu tamén na capacidade de soñar, de inventar historias e, sobre todo, no xeito de contar, xa que hai tempo advertín que cando construíu unha historia, vouno facendo en secuencias semellantes ás do cine.

- Empezou a escribir poemas e pezas teatrais. Como foron aqueles comezos?

Si, e mpecei e escribindo poesía c un amigo, Gumersindo Álvarez, qu e vivía n o C outo. X untos fundamos u n gr upo poético q ue se chamaba *Renovación* e líamos a poetas das vangardas e contemporáneos. Empezamos escribindo en castelán, pero axiña decidimos que a nosa lingua sería o galego. O teatro que escribía, penso que malo, axudoume a entrar en Histrión 70 e coñecer a Blanco Gil, recentemente falecido en México, a Manuel Vidal, que se nos foi hai anos, a Manuel Guede, Marisa Calvo, Abelardo Pérez Gabriel e, sobre todo a Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor.

- Escribe poesía, novela, relatos e literatura xuvenil e infantil. En cal destes xéneros atopa mellor acomodo?

Gústame a narración, a posibilidade de ir creando mundos coas palabras, mundos que antes de empezar non existían, esa é unha das virtudes máxicas da narración e que lle permite compartir soños cos lectores. Prodúceme o mesmo gozo a novela de adultos ca xuvenil, por lles chamar dun xeito a ambas, aínda que penso que as liñas de separación son difusas. Pero se hai algo necesario para min, non só como escritor senón, sobre todo, como lector, é a poesía. Escribo poesía ocasionalmente, cando sinto a necesidade, pero necesito ler poesía cada día. A través da imaxe e da metáfora, a poesía permítenos contar cousas que non sería posible expresar ou compartir doutro xeito. Cousas referidas a nós, aos sentimentos máis íntimos, aos misterios da vida e do universo.

- Como se enfrenta o escritor a unha páxina en branco?

Sen temor, coa mesma tranquilidade, co mesmo valor e coa mesma decisión con que un mineiro enfrenta a parede da mina ou un labrego a leira que debe sarchar. Ás veces si teño a sensación de que escribir é un traballo arduo, que require esforzo e fortaleza e, cando me sinto canso, penso neles. Quizais a imaxe mellor para o poeta sería a de arqueólogo das palabras, deixando as outras comparacións para o narrador.

- O seu último libro é un poemario que leva por título *Bater de sombras*. Fáleme desta obra.

Resúltame particularmente difícil falar deste libro. Un libro sobre as sombras, esas que todos levamos dentro e outras que viven arredor, en calquera caso, todas termando de nós e loitando por nos posuír. Todos, penso, sentimos cada día a súa presenza e rexeitámolas, pero neste libro eu decidín mirarlles aos ollos. Nese sentido, o libro pode ser algo desacougante, quixera pensar que na mesma medida en que o poden ser algúns poemas de Rosalía ou de William Blake, salvando as distancias, claro.

- A obra foi galardoada co X Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Que significa para vostede recibir este galardón.

Formar parte d unha grande familia, a familia do Fiz, o poeta de Lúzara e da asociación Ergueitos. Este é un premio que tivo antes como ganadores a escritoras e escritores que eu admiro: Marica Campo, Emma Pedreira, Baldo Ramos, Estevo Creus, Olalla Cociña ou Neira Cruz, entre outros.

- O segredo dun bo libro.

Ben escrito e cunha boa dose de paixón.

- A temática dunha boa historia.

Calquera cousa que lle suceda a un ser humano é unha boa historia.

- O soño de todo escritor.

Un lector.

- Un autor/a de referencia.

Dous contemporáneos: Méndez Ferrín e Antonio Gamoneda.

- Un libro para lembrar.

Van dous: *O caderno dourado* de Doris Lessing e *Porca Terra* de John Berger, na extraordinaria versión galega de Xoán Abeleira, publicada pola editorial Rinoceronte. .